



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2022

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

En Ordes, a vinte e sete de outubro de dous mil vinte e dous.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 29 de setembro de 2022, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 29 de setembro de 2022, resultou aprobada por maioría de catorce votos a favor, coa abstención da Sra. Regueiro Garcia, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

3. APROBACION INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS (TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS).

Expediente de modificación de créditos, transferencia de créditos **(Expdte. 2022/T002/000027)**.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 24/10/2022.

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieties, concelleiro non adscrito, que sinala que se eses cartos non se gastaron e goberno municipal considera que é necesario empregalos nesas partidas non van a poñer ningún impedimento.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se se van a redistribuír estes cartos que non se utilizaron en suplir e cubrir outras cousas de maior interese non teñen ningunha oposición. Piden o compromiso de que cando non fagan falta estas partidas para os soldos das persoas que se garanticen esas prazas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estamos ante unha redistribución do orzamento municipal que fai o goberno municipal que aprobou durante este ano, neste punto van a absterse, non van a por ningún impedimento.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de trece votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez) e coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación de créditos, transferencia de crédito, do orzamento municipal 2022, de acordo co seguinte detalle:

a) Aplicacións de gasto onde os créditos se minoran:

Aplicación	Descrición	Importe
151 12000	Urbanismo. Soldos do grupo A1.	13.660,75
151 12001	Urbanismo. Soldos do grupo A2.	12.012,52
151 12100	Urbanismo. Complemento de destino.	19.944,75
151 12101	Urbanismo. Complemento de específico.	17.967,50
170 12001	Medio Ambiente. Soldos do grupo A2.	2.584,08



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

920 12001	Administración Xeral. Soldos do grupo A2.	10.840,79
920 12003	Administración Xeral. Soldos do grupo C1.	4.825,14
920 12004	Administración Xeral. Soldos do grupo C2.	12.047,40
920 12005	Administración Xeral. Soldos do grupo E.	12.456,00
920 12100	Administración Xeral. Complemento de destino.	15.800,89
920 12101	Administración Xeral. Complemento específico.	18.174,40
931 12000	Política económica e fiscal. Soldos do grupo A1.	13.660,75
931 12001	Política económica e fiscal. Soldos do grupo A2.	24.025,03
		178.000,00

b) Aplicacións de gastos onde os créditos se incrementan:

Aplicación	Descrición	Importe
323 22100	Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primaria e educación especial. Subministración de enerxía eléctrica.	30.000,00
333 22100	Equipamentos culturais e museos. Subministración de enerxía eléctrica	10.000,00
342 22100	Instalacións deportivas. Subministración de enerxía eléctrica	50.000,00
342 22103	Instalacións deportivas. Subministración de carburantes.	20.000,00
342 22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos.	68.000,00
		178.000,00

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2022, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

5. MOCIÓN.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“O 1 de outubro entrou en vigor o Real Decreto Lei 17/2022, polo que se reduciu temporalmente o tipo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) aplicábel ao gas natural, que pasa do 21% ao 5%. A redución do IVE tamén será de aplicación á biomasa, pellets, briquetas e leña até o 31 de decembro de 2022.

No concello de Ordes non contamos cunha subministración canalizada de gas natural, se non que a rede subministra gas propano desde os depósitos situados no polígono industrial de Merelle, polo que esta medida aprobada polo goberno español non producirá beneficios na veciñanza do noso concello, imposibilitando a redución da factura da calefacción nos vindeiros meses.

Esta medida tampouco terá efecto sobre a veciñanza do noso concello que emprega outro tipo de gas licuado do petróleo para as súas calefaccións ou sistemas xeradores de auga quente sanitaria, como é o butano.

Tendo en conta que o gasóleo de calefacción tamén entrou dentro da rebaixa dos 20 céntimos aos carburantes, aprobado no Real Decreto 6/2022, de 29 de marzo, é inexplicábel que o goberno español deixe fóra da rebaixa do IVE ao 5% o gas butano e o propano, que ademais de utilizarse na calefacción tamén se usa a nivel doméstico (cociña, estufas, ...) e tamén a nivel comercial - industrial.

Deixar fóra aos consumidores e consumidoras do gas butano e propano é unha grave discriminación que cómpre corrixir con urxencia, xa quen en moitos casos son as persoas máis vulnerábeis, desde un punto de vista económico, as que quedan fóra desta medida, e non teñen opción ao gas natural canalizado e en moitos casos tampouco capacidade económica para instalar outro tipo de calefacción ou cociña.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta ao Goberno do Estado a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado de petróleo (butano e propano).

2- Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de quince votos en contra (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieties, concelleiro non adscrito, que sinala que non teñen ningún impedimento para que se traslade esta moción para estudas a súa viabilidade. Se esta baixada pode axudar aos nosos veciños neste momento votarán favorablemente.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que como di o BNG é moi difícil de entender que se rebaixe o iva nunhas cousas e noutras non. Tamén están totalmente de acordo en que todo o que beneficie á veciñanza de Ordes hai que poñela en práctica.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece as verbas da compañeira socialista, pero os seus compañeiros en Madrid obran totalmente en contrario. Van a sumarse como grupo de goberno a esta petición do BNG, a cal comparten. Estamos ante un plan de continxencia que é un plan de boas intencións. Así foi definido publicamente pola inmensa maioría dos grupos parlamentarios presentes no Congreso dos Deputados, papel mollado. En ningún caso podemos falar dunha proposta sería e rigorosa o que supón este plan de continxencia por que nin sequera inclúe unha memoria económica e medidas concretas. É simplemente algo de cara á galería para seguir gañando tempo e seguir perpetuándose no goberno estatal que a día de hoxe se ve que está caduco e falto de ideas. Comete de novo o erro de non querer actuar pola vía da fiscalidade baixando os impostos que é o que realmente hai que facer e se está plantexando aquí. Do mesmo xeito que tampouco entendemos que os poucos impostos que se reducen tras escoitar ao goberno da comunidade autónoma galega non se estendan polo menos ata o primeiro trimestre de 2023 en todas e cada unha destas medidas. Período lóxico de aplicación dunha medida deste tipo. Dende o goberno municipal seguindo a liña da Xunta de Galicia, queremos deixar claro que cando o goberno fala que este plan nace do consenso e do diálogo descoñecemos todos e cada un de nos, tamén a veciñanza en xeral cando escoita todo o que se traslada dende a tribuna do congreso dos deputados, tomos somos coñecedores de que cando o goberno fala que aprobou o plan de continxencia no Consello de Ministros sen informar previamente ás comunidades autónomas, sen escoitar as propostas realizadas dende elas. Non inclúe unha solución a curto prazo para a estabilización da factura da luz ao instante como é a baixada xeral de impostos, tampouco inclúe obrigas ante as administracións públicas que entende que deberían ser as primeiras en dar exemplo. Temos que sumar entre todos. Súmanse á moción, oxalá se tome en conta en Madrid, una petición que entenden lóxica e xusta para toda a veciñanza.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que agradece en primeiro lugar a todos os grupos o seu apoio, a ver si conseguen que dende Madrid atendan estas peticións que entenden xusta.

Intervén o Sr. Iglesias Vieties, concelleiro non adscrito, que sinala que repiten o mesmo que xa dixeron, por trasladar e que se estude a súa viabilidade. Se está baixada pode axudar á economía dos nosos veciños neste momento votan a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de quince votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1- O Pleno da corporación municipal de Ordes insta ao Goberno do Estado a rebaixar ao 5% o IVE do gas licuado de petróleo (butano e propano).

2- Dar traslado do presente acordo ao Goberno do Estado e aos Grupos Políticos do Congreso dos Deputados.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

6. ROGOS E PREGUNTAS

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O comportamento incívico dunha pequena parte da veciñanza vai en prexuízo da maioría que cumpre a norma. Lamentablemente seguen aparecendo focos de lixo fora dos contedores así como outro tipo de lixo que ten uns días en concreto para a súa recollida (achegamos fotografías que non son o mais representativas a teor do que se ten visto noutras ocasións).

Trátase dun problema de concienciación cidadá que afecta a toda a veciñanza e que ten difícil solución, cuestión que xa se ten tratado en diferentes ocasións.

Por isto, solicitamos ao señor Alcalde:

Unha campaña para concienciar á xente do uso correcto dos contedores co fin de favorecer o seu correcto tratamento.

Unha sinalización visible onde se indiquen os días de recollida dos obxectos de gran tamaño.

A promoción do uso do Punto Limpo de Ordes, así como o protocolo a seguir para o seu uso.

Intervén o Sr. Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que campañas se está a facer continuamente. No mes de setembro se volveu a facer outra, se inclúen todos os tipos de contedores, faise bastante fincapé na recollida dos voluminosos. Continuaranse a facer. A sinalización visible nos contedores de gran tamaño non o ve posible.

- Os veciños da Rúa de Buscás queixanse pola alta velocidade a que circulan os coches por esa zona. Resulta unha vía de especial perigo xa que por ela pasan peregrinos/as do Camiño Inglés (que soen camiñar en grupo e parar a tomar fotos da igrexa de San Paio) ao que hai que engadir que aí están os dous bares con que conta a parroquia, a antiga escola unitaria onde se fan reunións da veciñanza e a igrexa xa citada.

É polo que solicitamos ao Sr. Alcalde:

A instalación de medidas disuasorias para controlar os excesos de velocidade que acontecen diariamente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que se plantexa neste rodo non ocorre so na Rúa, Buscás. Ocorre en infinidade de núcleos de poboación do termo municipal. O máis importante é que a xente, os veciños, os condutores teñen que concienciarse de que hai que respectar os límites de velocidade. Hai que ser precavidos para despois non ter que lamentar que se produzan accidentes. No caso da Rúa hai beirarrúas por ambas marxes, xa é unha medida de seguridade, que non acontece noutros lugares. Tómase en consideración, analizarán coa policía local se se pode adoptar algunha medida disuasoria adicional.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A parcela deportiva do polígono industrial de Merelle, onde se veu exercendo a actividade de "Karting", a día de hoxe semella un auténtico vertedoiro.

Podémonos atopar na parcela con moreas de colchóns, rodas, restos de vehículos, ferros, cadeiras e mesas de plástico, carteis rotulados, restos de mobiliario e condutos, vallas, ...etc.

A pesar de que xa solicitamos en febreiro de 2021 a limpeza e xestión dos residuos existentes na citada parcela, a situación a outubro de 2022 é moito peor. Mal exemplo lle está a dar o concello de Ordes ás persoas propietarias das parcelas do polígono industrial de Merelle, cando por unha banda advirte e sanciona ao respecto do deber de conservación das mesmas, e por outra banda mantén esta propiedade municipal deste xeito.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder á retirada e axeitada xestión dos refugallos existentes na parcela deportiva do polígono industrial de Merelle, onde se viña exercendo a actividade de "Karting".

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que despois do que xa lle teñen informa do no pleno resulta curioso que veña hoxe aquí con este rogo. Se tivese preguntado ou ter un mínimo coñecemento do que se está a facer alí. Xa se está a facer a valoración e clasificación dos residuos para proceder a súa retirada. Traballo previo antes de que as empresas xestoras procedan á súa retirada. Nese traballo se leva aproximadamente quince días coordinado por varios concelleiros do grupo de goberno cos traballadores municipais. Mentres non remate a clasificación e valoración non se vai a proceder á retirada. Agarda que se poida concluír se todo vai ven entre a segunda ou terceira semana do mes de novembro de maneira completa. Non hai que xerar alarma. Era un traballo necesario, houbo que conseguir as xestións cos organismos competentes para poder facer a retirada. Non era sinxelo.

- No entorno do Centro de Saúde de Ordes, na zona cara Penelas, non funciona o alumeadado público tal como reflexa a foto que se acompaña a esta iniciativa.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se proceda á subsanación do problema indicado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa esta resolto. Foi unha avaría.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- Veciñanza do núcleo de Axás, na parroquia de Ardemil, púxose en contacto con este grupo municipal solicitando a disposición dunha marquesiña na parada que efectúa o autobús escolar no citado núcleo.

Segundo manifestan, dito elemento xa foi solicitado en diversas ocasións, mais a día de hoxe as súas peticións seguen sen atender, a pesares de que incluso se chegou a ofrecer a disposición de terreos da propiedade anexa a onde se efectúa a citada parada para poder instalala.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A dispoñer unha marquesiña na parada que efectúa o autobús escolar no núcleo de Axás, da parroquia de Ardemil, e que a día de hoxe carece da mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un dos rogos tan recorrentes que fai. Veciñanza do núcleo de Axás. A veciñanza do núcleo de Axás estivo coa concelleira delegada de educación, a cal a raíz de que vostede presentou o rogo falou novamente cos veciños afectados por esta cuestión, que non corresponde ao Concello, o órgano competente é o centro educativo e a partir de aí obter as autorizacións pertinentes por que estamos a falar da N-550. A veciña manifestou que non tivo ningún tipo de contacto con vostedes xamais. É coñecedora dende que comezou o curso escolar de cómo está a tramitación en marcha, iniciada no departamento de educación, informe de urbanismo, informe da policía local, informe do centro educativo sobre a nova parada, pendente da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e posterior colocación da marquesiña sempre que a autorización sexa favorable. É curiosa toda esta exposición de motivos cando non coincide para nada co que din os veciños de Axás, nin coa realidade do traballo feito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que en Axás non hai unha veciñas sola, falan con eles, moléstelles máis ou menos. Parece que vimos aquí, traemos cousas e estamos mentindo seguido. A xente non fala con eles, non son os seus representantes. A eles lles trasladaron un problema, piden que falemos co goberno municipal, que se lles expuxo o problema e non houbo solución.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con eles falou a veciña solicitante. So existe unha usuaria solicitante. Non pode terxiversar a realidade e a necesidade do que acontece alí. É o que está a facer, é o que fai sempre.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non están a mentir, traslada unha demanda veciñal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si unicamente hai unha veciña que ven falar co Alcalde ou coa concelleira delegada de educación, non pode dicir que outra xente veu a falar con eles cando non é verdade. So veu unha persoa que é a solicitante. Vostede está a dicir que non se lle fixo absolutamente ningún caso, iso é mentira, está a tramitación feita e llo demostra cando queira. Non conte o que non procede.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o que están a dicir é que a día de hoxe aínda non está a marquesiña alí. Alégrase de que este a tramitación feita. Se non se autoriza poderán buscarse outras alternativas, hai camiños alí de lado. Haber se se arranxa.

- Recentemente tramitouse a consulta pública para a aprobación da ordenanza fiscal denominada "taxas por dirección de obra, pola coordinación de seguridade e saúde das obras, inspección, control de calidade e liquidación de obras".



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

As estimacións apuntan a que ditas taxas poden supoñer unha recadación duns 110.000 euros anuais e segundo informacións publicadas hai escasos días nun medio de comunicación, apuntase a unha previsible contratación do servizo a unha empresa externa, aludindo a unha “falta de medios no concello de Ordes para poder prestalo”.

Na modificación da relación de postos de traballo do concello de Ordes aprobada no pleno ordinario do mes de maio de 2021, consta un posto de nova creación denominado como “Xefe de Departamento Urbanismo (arquitecto superior)”, figurando entre as tarefas ou funcións do posto:

“Redactar proxectos de edificación, dirección de obras e dirección de execución de obras conforme ao disposto pola lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación ou norma que a substitúa e disposicións legais vixentes de acordo coa súa especialidade e competencias específicas”.

“Redactar estudos e plans de seguridade e saúde e coordinación de seguridade e saúde segundo as disposicións legais vixentes de acordo coa súa especialidade e ámbito de competencias específicas”.

Mentres noutros concellos da contorna como son Oroso, Cerceda, Carral, Betanzos, Culleredo, Cambre..., contan cun departamento de urbanismo con Arquitecto municipal, en Ordes, a pesar da carga de traballo á que se atopa sometido o persoal do departamento de urbanismo, aínda carecemos de dita figura, da que se recoñece a necesidade da súa incorporación tanto na modificación da RPT aprobada como na información trasladada aos medios de comunicación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A tramitar unha convocatoria para prover a praza de funcionario/a o posto de Xefe/a de Departamento Urbanismo, co gallo de incrementar o persoal no departamento de urbanismo do concello de Ordes, posibilitando asumir as direccións de obra, coordinacións de seguridade e saúde, inspección, control de calidade e liquidacións das obras, evitando recorrer á contratación de empresas externas para prestar dito servizo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando as taxas de reposición o permitan iranse cubrindo as prazas vacantes. Urgencias e necesidades de persoal moitas. Descoñece bastante a organización municipal senón non estaríamos aquí con estas cuestións, responstando rogos sobre materias e ocorrencias que non teñen obxecto de ser. Cando a taxa de reposición de efectivos iranse convocando as prazas por razóns de urxencia e prioridade de efectivos de acordo cos técnicos municipais. Mentres tanto hai que seguir pedíndolle o máximo esforzo aos traballadores municipais.

- Cando calquera veciño accede á páxina web municipal, no apartado de normativa municipal, á hora de procurar as ordenanzas vixentes ou diversas taxas, atópase con que é derivado a outra páxina web da deputación da Coruña onde desde fai tempo non é posible acceder ás ordenanzas municipais dos concellos.

A parte do servizo que ofertaba ata o de agora a deputación á hora de consultar as ordenanzas municipais dos diversos concellos, e que desde fai tempo non está dispoñible, o lóxico sería que o concello en cuestión, poña a disposición da veciñanza a posibilidade de consultar as súas ordenanzas e taxas desde a súa propia páxina web.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A colgar na páxina web do concello de Ordes as diversas ordenanzas, taxas e prezos públicos vixentes, de cara a facilitar á veciñanza a súa consulta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é debido a certificación da Deputación do Esquema Nacional de Seguridade que está caído, non é válido, ten que facer todo de novo, licitación incluída. De aí a tardanza de que se estea a repoñer este servizo. Dende o departamento de informática xa hai tres semanas que se solicitou este tipo de documentación e pediuse que mandasen as bases de datos que seguen estando operativas, para que dende o concello de maneira temporal se poida facer un acceso ás ordenanzas vixentes. Esa documentación aínda non se recibiu. Hoxe volveuse a insistir, agarda que a manden canto antes.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- A semana pasada, deuse un novo episodio de asolagamentos na rúa do Mediodía que derivou na entrada de auga a locais comerciais da zona, tendo que acudir as persoas que exercen a actividade a achicar auga de madrugada.

Tendo en conta que se ven de actuar recentemente na rúa, é polo que preguntamos ao Sr. Alcalde seguinte:

¿Cales son os motivos de que se sigan producindo episodios de asolagamentos na rúa Mediodía?.

¿Que actuación van a efectuar para evitar que se repitan novamente?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que minte unha vez máis, nin entrou auga en ningún negocio, nin ninguén achicou auga por que non houbo asolagamentos. Pode dicirlllo máis veces. Si está tan seguro do que di trae esa persoa, imos alí e vemos quen minte. Minte unha vez máis. Está mal informado e mal asesorado. O primeiro que ten que facer é informarse da realidade. Non hai ningún tipo de resposta a estas preguntas, por que do que di na súa exposición non aconteceu nada.

- No concello de Ordes, consérvanse algúns tramos do camiño Inglés de gran beleza, que transitan por corredoiras, ao longo de valos de gran beleza e baixo a sombra de árbores autóctonas. Por citar algúns exemplos, temos o tramo da “Carballeira” a “Os Ramos”, de “Vilariño” ata “O Outeiro”, de “A Casanova” ata a ponte medieval de Pereira, e o tramo de “Os Carrás”.

A beleza destes tramos radica en que conservaban o seu estado sen actuacións innecesarias que incorporen elementos foráneos que desvirtúen o seu aspecto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Os tramos da “Carballeira” a “Os Ramos” e de “Vilariño” ata “O Outeiro”, xa foron obxecto de pavimentación cunha mestura de saburra con cemento, cuxo resultado entendemos que supón unha agresión ao patrimonio que supón o Camiño Inglés.

Actualmente estase a actuar no tramo de “Os Carrás”, onde se están colocando uns pelouros con formigón contra unha das marxes do camiño, empregando materiais que non semellan en absoluto ser extraídos de canteiras da contorna, o que na nosa opinión supón unha total agresión a este tramo do Camiño Inglés, e que dificilmente será capaz de entender unha veciñanza á que o respecto á delimitación do trazado do Camiño de Santiago, lle impón numerosas limitacións á hora de actuar sobre as súas propiedades (construcións, cultivos, sinalizacións, podas...).

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Quen é a entidade promotora da actuación que se está a efectuar no tramo de “Os Carrás” do Camiño Inglés?.

¿En que consisten as obras que se están a levar a cabo?.

¿Foi consultado o concello de Ordes sobre a citada actuación, emitiu algún tipo de informe ao respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onte chegoulles a resposta a estas preguntas. A primeira é que a Axencia de Turismo de Galicia é a responsable da promoción e conservación dos Camiños de Santiago. A segunda, nas zonas encharcadas ou con acumulación de auga procédese á escavación do material en mal estado aportando unha nova base de espesor variable. Debido á elevada pendente dalgún dos treitos a acondicionar e a situación do firme existente que se atopa moi danado polas augas da choiva facíase preciso executar pasos de auga nos lugares necesarios para cruzar ou evacuar a auga das cunetas impedindo que circule por riba da plataforma seguindo a guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago. Estes elementos realizaranse mediante pedra granítica. Non foi trasladada consulta ao concello por parte da Axencia de Turismo de Galicia xa que se trata de labores de mantemento do camiño encadradas dentro da autorización xeral para a conservación que marca Patrimonio.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte horas e cinco minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias